

Candidatura a primarias para o Parlamento Europeo



Son labrega en agricultura ecolóxica, son feminista, vivo en Merín, Vedra. Agora mesmo, estou a piques de rematar o meu primeiro mandato como deputada no Parlamento Europeo. Estou inscrita como deputada galega, dentro do grupo parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica.

Durante estes anos puiden comprobar en primeira persoa o importante que é ter presenza e voz propia como galegas e galegos no Parlamento Europeo. Preséntome a estas primarias como candidata para encabezar a lista de En Marea ao Parlamento Europeo para seguir levando a voz e as problemáticas que nos afectan, para loitar polos nosos dereitos como pobo e para que os dereitos humanos, os dereitos das mulleres, os dereitos das e dos traballadores, os dereitos ambientais, a liberdade de expresión estean por enriba dos intereses do capital. Para seguir loitando por un futuro digno para a xuventude no noso país e para que os orzamentos públicos garantan que pasar da vida laboral á xubilación non signifique entrar na pobreza.

Preséntome tamén para seguir defendendo que a agricultura labrega e a pesca a pequena escala deixen de ser atacadas polas políticas da Unión Europea

1

Lidia Senra